

Resolución do 18 de outubro da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública pola que se fai publica a adxudicación complementaria dunha praza non cubertas pola quenda de mobilidade do proceso selectivo para o acceso nos corpos de policía local, escala básica, categoría de oficial, convocado por Orde do 23 de xuño de 2021 (DOG núm. 126 do 05/07/2021)

Mediante a Orde do 23 de xuño de 2021 (Diario Oficial de Galicia núm. 126, do 5 de xullo) convocouse o proceso selectivo unitario para o acceso nos corpos de policía local, escala básica, categoría de oficial, quendas de acceso por promoción interna e por mobilidade.

1.O tribunal nomeado pola Resolución do 10 de setembro de 2021 (DOG núm. 180, do 17 de setembro), acordou con data 15 de outubro de 2021 emitir e elevar á Dirección Xeral da Agasp a proposta de nomeamento como funcionario de carreira das persoas aspirantes da quenda de mobilidade.

2. .O tribunal nomeado pola Resolución do 10 de setembro de 2021 (DOG núm. 180, do 17 de setembro) emitiu a resolución do 15 de outubro de 2021 pola que se facían públicas as cualificacións finais do proceso na quenda de promoción interna. A resolución inclúe a proposta de nomeamento como funcionarios en prácticas das persoas incluídas no Anexo I e inclúe unha listaxe de reserva no Anexo II, para a quenda de promoción interna. A primeira persoa incluída na listaxe de reserva é Alberto Sánchez Sánchez, que se presentaba pola quenda de promoción interna ás prazas do Concello de Ferrol.

3.Con data 15 de outubro recíbese na Academia Galega de Seguridade Pública o escrito de renuncia á praza solicitada da persoa proposta polo Tribunal para ocupar pola quenda de mobilidade a praza convocada no Concello de Ferrol.

4.Con data 18 de outubro de 2021 recíbese na Academia Galega de Seguridade Pública a solicitude con Concello de Ferrol de adxudicar a praza que quedaría vacante pola quenda de mobilidade á primeira persoa que figura na listaxe de reserva da quenda de promoción interna.

5.Segundo o establecido no artigo 30.3 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, no caso de que na mesma convocatoria coexistan os sistemas de promoción interna e mobilidade desde outros corpos, as prazas non cubertas por mobilidade acrecentarán as reservadas para a promoción interna.

En vista de todo o exposto



Primeiro.: Publicar a relación complementaria da prazas asignada na quenda de promoción interna de acordo co previsto nas bases da convocatoria como anexo I a esta resolución

Terceiro.: Comunicar e remitir aos concellos a documentación completa das persoas para o seu nomeamento e toma de posesión.

Cuarto.: Esta resolución, segundo o indicado no artigo 17 da Lai 1/2017, de 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, esgota a vía administrativa e poderá ser obxecto de recurso de reposición ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

A Estrada, na data da sinatura dixital

Santiago Villanueva Álvarez

Director Xeral da Agasp

ANEXO I

QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA

	Apelidos	Nome
Concello de Ferrol		
1	Sánchez Sánchez	Alberto

